

ASUNTO: RESOLUCIÓN DE APROBACIÓN DO INVENTARIO DE AGLOMERACIÓNS URBANAS QUE DEBEN ELABORAR OS PLANS INTEGRAIS DE XESTIÓN DO SISTEMA DE SANEAMENTO NO AMBITO TERRITORIAL DA DEMARCACIÓN HIDROGRÁFICA DE GALICIA-COSTA

I.- Antecedentes

Consonte ao previsto na Disposición adicional segunda do Regulamento do Dominio Público Hidráulico (RDPH), os órganos competentes, de acordo co artigo 254 bis.3 do mesmo Regulamento, elaborarán o inventario de aglomeracións urbanas que deben realizar os plans integrais de xestión do sistema de saneamento (PIXSS) no ámbito territorial da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa, de acordo co artigo 259 quinquies 2.b) e c) do mencionado Regulamento. Este inventario debe reflectir igualmente as aglomeracións urbanas de máis de 50.000 habitantes que deben realizar estes plans.

O borrador de inventario someteuse a información pública durante un mes de prazo, para analizar cantas aportacións ou alegacións se consideren convenientes no portal de internet de Augas de Galicia, mediante anuncio da Comisaría de Augas desta entidade publicado no Diario Oficial de Galicia de data 5 de decembro de 2024.

Non se presentaron alegacións durante o período de información pública polo que procede aprobar o mencionado inventario.

En consecuencia, de acordo coas normas mencionadas e en exercicio das funcións atribuídas pola Lei 9/2010, de augas de Galicia, dítase a presente

II.- Resolución

Primeiro.- Apróbase o listado das aglomeracións urbanas de máis de 50.000 habitantes equivalentes que deben elaborar os PIXSS correspondentes ao ámbito territorial da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa que consta no Anexo desta resolución.

Segundo.- Apróbase o listado das aglomeracións urbanas de 10.000 o máis habitantes equivalentes e menos de 50.000 habitantes equivalentes que deben elaborar os PIXSS correspondentes ao ámbito territorial da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa que consta no Anexo desta resolución.

Terceiro.- Consonte ao apartado terceiro da disposición adicional segunda do Regulamento del Dominio Público Hidráulico, esta entidade incorporará a mencionada información ao Censo de vertidos autorizados da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa, e remitirase á Dirección General del Agua do Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico aos efectos da súa



inclusión no Censo Nacional de Vertidos e a súa remisión, no seu caso, á Comisión Europea.

Cuarto.- O inventario revisarase cada cinco anos e actualizarase seguindo o mesmo procedemento.

Quinto.- Eficacia e publicación. Esta resolución será publicada no portal de Internet de Augas de Galicia. Asimesmo, esta resolución será publicada no Diario Oficial de Galicia e surtirá os efectos da notificación, consonte ao disposto nos artigos 40 e 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedimiento Administrativo Común das Administracións Públicas. A presente Resolución surtirá efectos o día seguinte da súa publicación no DOGA.

Sexto.- O incumprimento da presente resolución poderá dar lugar ás sancións previstas na normativa de augas.

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, pódese interpoñer recurso de alzada perante a Presidencia de Augas de Galicia, no prazo dun mes a contar dende a presente notificación, sen prexuízo de calquera outro recurso que o interesado considere conveniente entre os previstos na vixente lexislación.

O recurso deberá ser interposto a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal/portada>) empregando o formulario normalizado disponible (IF321D - <https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=IF321D&ano=2020&numpub=1&lang=gl>).

Santiago de Compostela - O director de Augas de Galicia – Roi Fernández Añón (Sinatura dixital)

ANEXO

https://augasdegalicia.xunta.gal/seccion-tema/c/Planificacion_do_saneamento?content=/Portal-Web/Contidos_Augas_Galicia/Seccions/plans-integrais-xestion-sistema-saneamento/seccion.html&std=inventario-aglomeracions-urbanas.html

